



**ACTA N.º 10/2022 DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DO AGRUPAMENTO  
EUROPEO DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL DO RÍO MIÑO – AECT RIO MINHO,  
REALIZADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2022.**

---- O día dezanove do mes de decembro do ano dous mil vinte e dous, reuniuse, ás dezaseis horas, na Casa do Conde, en Salvaterra de Miño, a Asemblea Xeral do Agrupamento Europeo Territorial do Río Miño (AECT Rio Minho). -----

---- Dirixiron a presente reunión o presidente da mesa, Manoel Batista Calçada Pombal, presidente da Cámara Municipal de Melgaço, e a secretaria da mesa da Asemblea Xeral, Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do Rosal. -----

Nesta reunión tratáronse os seguintes puntos:

Punto nº 1: Valoración/aprobación da acta da reunión anterior.

---- Despois da apertura dos traballos por parte do presidente da mesa, presentouse a acta da reunión realizada o día 26 de abril de 2022, a cal, despois de lida e verificada, obtivo a aprobación unánime e foi asinada polos membros da mesa nesa data. -----

**O borrador desta deliberación aprobouse por unanimidade.**

Punto nº 2: Valoración/aprobación do Plano de Actividades e Orzamento para 2023;

---- No ámbito deste punto, o director presentou as prioridades de Plano de Actividades e Orzamento 2023, en particular:

- conclusión do proxecto Livhes, cofinanciado polo Programa Interreg Sudoe; -----
- preparación de candidaturas ao próximo programa de cooperación transfronteiriza Portugal-España 2021-2027, con especial atención na estruturación da marca Rio Minho, a creación do anel verde de percorridos transfronteirizos e a teor do proxecto REDE\_Lab\_Minho, para o reforzo do traballo en rede coas dinámicas locais de cooperación transfronteiriza, o desenvolvemento de procesos de construción das “Axendas Urbanas do Río Miño Transfronteirizo” e na dinamización de proxectos-piloto de cooperación transfronteiriza institucional nas eurociudades do Río Miño; -----
- xestión da operación do servizo compartido “Sistema de Bike Sharing do Rio Minho Transfronteirizo – e-bike Rio Minho”, estudo de viabilidade da concesión de servizo; -----
- identificación de obstáculos á mobilidade e integración transfronteiriza no territorio do Río Miño e á promoción de asociacións multinivel para o deseño de propostas de solucións, ben no eido da

participación na iniciativa B-Solutions (Boosting Growth and Cohesion in EU Border Regions), promovida pola Comisión Europea e pola Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (transportes e ambiente), ben noutras iniciativas que vaian ser dinamizadas pola Comisión Europea; -----

- apoio ás dinámicas locais transfronteirizas da responsabilidade dos municipios/concellos do territorio de intervención do AECT Rio Minho, en particular o estudo sobre alternativas de travesía do Rio Minho entre Caminha e A Guarda, entre Valença-Tui e do proxecto de execución de travesía peonil entre os concellos das Neves e Monção. -----

---- En termos orzamentais está previsto un valor global de 414.035,00 euros, cunha coparticipación financeira de 73.850,00 euros a cada asociado, de acordo co Artigo 7.º, n.º 2 dos Estatutos, de tal xeito que a DEPO proporcionará unha coparticipación extraordinaria de 16.000 euros para a xestión da operación do servizo de xestión do proxecto *bike sharing* Rio Minho e acción de apoio ás dinámicas locais transfronteirizas, que son os proxectos con maior dimensión financeira para o exercicio de 2023. -

---- Tras esta presentación procedeuse ao debate e votación deste punto da orde do día, decidindo a Asemblea Xeral por unanimidade, nun universo de dous votos correspondentes a cada delegación representativa dos membros do AECT Rio Minho, aprobar o Plano de Actividades e Orzamento para 2023, que foron asinados e rubricados polo presidente da mesa e arquivados nun ficheiro propio. -----

**O borrador desta deliberación aprobouse por unanimidade.**

Punto nº 3: Designación de auditor externo para o exercicio de 2022, de acordo co n.º 2 do Art. 18.º dos Estatutos;

---- No ámbito desde punto da orde de traballos, e a teor do convite a Artur Moreira & Ricardo Pereira, SROC., para a presentación de proposta de prestación de servizos de Auditoría Externa ás contas do AECT Rio Minho para o ano 2022, nun universo de dous votos correspondentes a cada delegación representativa dos membros do AECT Rio Minho, a Asemblea Xeral deliberou de acordo coa proposta do director que vai anexa a esta acta (Anexo 1), por unanimidade, designar a Artur Moreira & Ricardo Pereira, SROC Lda., auditor externo das contas do AECT Rio Minho para o ano 2022. -----

**O borrador desta deliberación aprobouse por unanimidade.**

Punto nº 4: Aprobación da homenaxe á Asociación Ponte nas Ondas polo recoñecemento da UNESCO como boa práctica de preservación de patrimonio cultural inmaterial;

---- De acordo coa proposta do director que vai anexa a esta acta (Anexo 2), nun universo de dous votos correspondentes a cada delegación representativa dos membros do AECT Rio Minho, a Asemblea Xeral deliberou, por unanimidade, **facer unha homenaxe á asociación galaico-portuguesa Ponte... nas Ondas!**

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

por pasaren a formar parte do **Rexistro de Boas Prácticas de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial** da Unesco. -----

**O borrador desta deliberación aprobouse por unanimidade.**

Punto nº 5: Outros asuntos de interese para a actividade do AECT Rio Minho.

---- No ámbito deste punto, o director informou que, a teor da candidatura presentada polo AECT Rio Minho en setembro do 2022, a Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG Regio) da Comisión Europea e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), escolleron en decembro de 2022 ao AECT Rio Minho coma un dos representantes de cinco rexións piloto de toda Europa para participar no lanzamento do proxecto ‘Construir regiões transfronteiriças mais resilientes’. Trátase dunha iniciativa que pretende fortalecer a xestión nos espazos transfronteirizos, co obxectivo de mellorar a calidade de vida das poboacións. -----

---- Ratificación da revisión das Normas de Uso do sistema *e-bike* Rio Minho, versión setembro 22. -----

---- No ámbito desde punto non se tomou ningunha deliberación. -----

---- Non habendo nada máis que tratar, deuse por rematada a presente reunión, ás dezasete horas e trinta minutos.


---- E para que así conste, elaborouse a presente acta que está asinada polos membros presentes da mesa da Asemblea Xeral.

----- ESTÁ CONFORME -----

---- AECT Rio Minho, en Salvaterra de Miño, o 19 de decembro de 2022.

A MESA DA ASEMBLEA XERAL,


(Presidente da mesa da AX)



(Manoel Batista Calçada Pombal)

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

(Secretaria da Mesa da AX)

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Ánxela Fernández Callís', is written over a horizontal line.

(Ánxela Fernández Callís)